
Hydrangea macrophylla (Thunb.) Ser.

hortensia
hortensia, hidrangea
hortènsia, hortènsia de fulla gran
hortensia
hortência, hidrângela, hidranja



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Angiospermae	**Eudicotyledoneae**	**Cornales**	**Hydrangeaceae**	***Hydrangea***

ORIXE

Asia oriental, principalmente O Xapón, Corea e A China.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto caducifolio de entre 1-3 m de altura, aínda que varía ao cultivarse. Follas grandes (7-20 cm), opostas, ovadas, con bordos dentados e de cor verde brillante. As flores son inflorescencias grandes en forma de "bola" (pompóns) ou "prato" (*lacecap*). A súa cor depende do pH do solo: o ácido produce azul/morado, mentres que alcalino produce rosa/vermello.

HÁBITAT

Zonas temperadas e húmidas, como marxes forestais e pendentes sombreadas.

DISTRIBUCIÓN

O Xapón, A China, Europa, América do Norte, Australia, Nova Zelandia e varias illas do Pacífico.

CURIOSIDADES

A parte máis vistosa e grande das inflorescencias non son pétalos, senón sépalos modificados e estériles que rodean as flores fértiles, máis pequenas e discretas do centro. A súa función é a de atraeren os polinizadores.